

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 2 de decembro de 2019 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 23 de xullo de 2019 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Mediante a Orde do 23 de xullo de 2019 (DOG do 5 de agosto) publicouse a convocatoria de axudas dirixidas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Valoradas pola comisión as solicitudes e a documentación presentadas e elevada a proposta definitiva de concesión destas axudas, segundo prevén os puntos oitavo e noveno da orde de convocatoria, e en virtude das atribucións que ten conferidas a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

DISPOÑO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo I desta orde. Así mesmo, desestimar as solicitudes presentadas polas escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo II, polas causas que se indican.

Segundo. O pagamento da subvención realizarase unha vez que o órgano concedente comprobe a xustificación presentada polo/a beneficiario/a da realización da actividade subvencionada. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación desta resolución de concesión.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día



seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
 Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I

Concello	Escola de música	Importe
Antas de Ulla	EMUSPR de Antas de Ulla	3.000,00 €
Cambre	EMUSPR Sementeira de Cambre	9.768,99 €
Celanova	EMUSPR EMBC	11.629,75 €
Gondomar	EMUSPR Agrupación Musical de Vincios	8.466,46 €
Lalín	EMUSPR Banda de Lalín	4.326,26 €
Lalín	EMUSPR Escola de Música de Vilatuxe	3.675,00 €
Mos	EMUSPR de Mos	15.000,00 €
Neves, As	EMUSPR Popular de Rubiós	4.326,26 €
Pontearreas	EMUSPR de Xinzo	9.629,43 €
Pontevedra	EMUSPR de Salcedo	8.233,86 €
Redondela	EMUSPR de Chapela	9.629,43 €
Rianxo	EMUSPR de Rianxo	10.141,14 €
Ribadavia	EMUSPR Mestre Veneroni	3.535,44 €
Rosal, O	EMUSPR Agrupación Musical do Rosal	7.396,52 €
Salceda de Caselas	EMUSPR Asociación Amigos da Música	6.140,51 €
Santiso	EMUSPR de Visantofña	3.302,85 €
Teo	EMUSPR de Calo-Teo	5.582,27 €
Vigo	EMUSPR Atlántida	5.256,64 €
Vigo	EMUSPR de Beade	8.699,05 €
Vigo	EMUSPR de Valadares	9.443,36 €
Vilaboa	EMUSPR de Vilaboa	6.326,59 €
Vilanova de Arousa	EMUSPR de Vilanova	5.349,68 €
Xinzo de Limia	EMUSPR da Limia	6.140,51 €
	Total	165.000,00 €



ANEXO II

Concello	Asociación	Causa de denegación
Agolada	Asociación de Amigos da Banda de Música Municipal de Agolada	Non contar coa correspondente autorización da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Chantada	Asociación Cultural Casa da Música	
Coruña, A	Asociación Cultural Cántigas da Terra	
Santiago de Compostela	Asociación Sociocultural Alfaia	

